



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

INFORME DOS SERVIZOS SOCIAIS.

Asunto: DEROGACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS EXTRAESCOLARES PARA A CONCILIACIÓN.

Emitido por: Mónica Castaño Ourille, traballadora social, técnica do Departamento de Servizos Sociais.

Expediente: 2026/G016/000001 - Modificación de ordenanzas fiscais. Derogación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos extraescolares para a conciliación da vida laboral e familiar.

ANTECEDENTES

1.- Dende o ano 2011 o Concello de Lousame presta un servizo de conciliación, o programa Lousame Concilia, que ten como obxectivo facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das familias de Lousame, coa finalidade de facer compatibles os distintos ámbitos nos que se desenvolven estas familias, sen perder en calidade de vida familiar, mediante a implantación dun servizo de atención e coidado de menores en períodos que facilitan a conciliación entre os horarios laborais e persoais dos proxenitores cos períodos non lectivos dos e das menores.

2.- O Concello de Lousame co obxecto de obter financiación para o mantemento deste servizo de conciliación vense acollendo de xeito anual á convocatoria de subvención da Xunta de Galicia.

3.- Con data 29 de decembro de 2011 o Concello de Lousame estableceu un prezo público para axudar a financiar o custo do servizo que non se cubría coa subvención concedida, e publicou no BOP núm. 247 a “Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos extraescolares para a conciliación da vida laboral e familiar”.

4.- As bases reguladoras das axudas autonómicas, que actualmente están cofinanciadas nun 75% con fondos finalistas do Estado procedentes do Ministerio de Igualdade no marco do Plan Corresponsables, no seu artigo 4. *Compatibilidade con outras axudas e ingresos xerados* no punto 2 indican o seguinte: *2. En todo caso, deberase favorecer a gratuidade e a universalidade das actuacións do Plan Corresponsables e, no caso de que se establezan taxas ou prezos públicos, deberán terse en conta criterios de renda e de cargas familiares nos prezos de acceso ao servizo para as persoas usuarias. Cando as entidades establecesen o pagamento dunha taxa ou prezo público pola prestación do servizo, os ingresos obtidos deberán reverter nas propias actuacións desenvolvidas no marco do Plan Corresponsables, circunstancia que deberá acreditarse na fase de xustificación da subvención mediante certificación asinada pola persoa secretaria da entidade beneficiaria (anexo VIII). No caso de que non as revertan ou non se xustifique segundo o establecido, descontaranse os ingresos obtidos polas taxas do importe da subvención concedida no momento do pagamento final.*

MOTIVACIÓN DA PROPOSTA DE DEROGACIÓN

Visto que nas bases reguladoras das axudas que subvencionan o servizo Lousame Concilia, como actuación do Plan Corresponsables, se insta a favorecer a gratuidade e a universalidade deste tipo de servizos para as familias.

Dado que o prezo establecido no seu momento non supón unha achega real á hora de axudar a financiar o servizo, xa que eses ingresos obtidos son descontados do importe da subvención concedida no momento do pagamento final.

Visto que a liquidación dese prezo público supón unha carga de traballo engadida que afecta a persoal de varios departamentos; servizos sociais, contabilidade, intervención e tesourería.

En base ao anteriormente exposto, valorase xustificada a proposta de derogación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos extraescolares para a conciliación da vida laboral e familiar, e emítese este informe aos efectos correspondentes.

En Lousame, na data da sinatura dixital.